

EXPERIMENTOS:

Como vos adiantaba a semana pasada vouvos propoñer uns experimentos relacionados co tema das reaccións químicas.

Experimento 1:

Precisas: unha candea, un vaso e un chisqueiro ou uns mistos.

Coidado de non queimarte! Quizais precisas a axuda dunha persoa adulta.

Acende unha pequena candea. Vale unha candea de té ou se non tedes unha da vosa tarta de aniversario. Neste último caso tedes que pinchala en algo para que quede estable e non caia.

O primeiro que tes que facer é acender a candea e fixarte en como arde, na combustión. Agora tapa a candea acendida cun vaso e observa o que ocorre coa chama.



Que ocorre coa candea cando lle colocas un vaso enriba?

Por que cres que ocorre isto?

Como se chama a reacción química que ten lugar cando arde a candea?

Experimento 2:

Precisas: unha botella de plástico, un globo, un funil, vinagre e bicarbonato de sodio.

1. Enche a botella con vinagre ata un pouco menos da metade.
2. Coa axuda do funil enche aproximadamente a metade do globo con bicarbonato.
3. Coloca o globo na boca da botella con moito coidado de que non caia o bicarbonato dentro do vinagre, deixando caer o globo polo lado da botella.
4. Cando estea correctamente colocado deixa caer o bicarbonato dentro do vinagre.



Que ocorreu cando se xuntaron o vinagre e o bicarbonato?

Por que cres que se produciu isto?

Gustáronche os experimentos?